

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 22 de novembro de 2006 pola que se fai público a ampliación do límite de crédito dispoñible para atender os proxectos presentados ao abeiro das bases reguladoras das axudas do Igape para o Plan de consolidación e competitividade da PEME.

Mediante Resolución do 5 de xuño de 2006 (DOG nº 112, do 13 de xuño) fixéronse públicas as bases reguladoras das axudas do Igape para o Plan de consolidación e competitividade da PEME, procedéndose a súa convocatoria para o ano 2006 en concorrencia competitiva e á publicación dos créditos asignados para as resolucións que se diten no exercicio 2006.

Co obxecto de poder resolver os proxectos presentados ao abeiro destas, e de conformidade coas facultades que teño conferidas

RESOLVO:

Único.-Amplíase en 4.000.000 de euros o crédito establecido na partida orzamentaria 11-3-2001 publicado mediante Resolución do 5 de xuño de 2006 para atender os proxectos presentados ao abeiro das bases reguladoras das axudas para o Plan de consolidación e competitividade da PEME, resultando un total de créditos dispoñibles como segue e coa seguinte distribución plurianual, podendo redistribuírse os créditos mediante resolución do director xeral, sen incrementar o importe, á vista das solicitudes presentadas.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2006.

José Antonio Delgado Arce
Director xeral do Instituto Galego
de Promoción Económica

	Denominación	2007	2008
11-3-2001	Organismos intermedios	Xeral	3.450.000 €
		Reserva proxectos dirixidos a Pemes de Ferrolterra	150.000 €
		Reserva base 5.5.4.	100.000 €
	Pemes individuais	Xeral	300.000 €
			3.700.000 €

Resolución do 22 de novembro de 2006 que aproba a convocatoria en concorrencia competitiva de axudas á mellora da produtividade empresarial mediante a innovación, cooperación e modernización do tecido produtivo segundo as bases reguladoras publicadas no Diario Oficial de Galicia número 40, do 27 de febreiro de 2006.

Visto o grande interese da anterior convocatoria das axudas do instituto á mellora da produtividade empresarial mediante a innovación, cooperación e modernización do tecido produtivo (DOG nº 40, do 27 de febreiro de 2006), considérase oportuno pro-

ceder antes de finalizar o exercicio á convocatoria das liñas establecidas nos puntos: 1.2. Investimento e desenvolvemento tecnolóxico das pemes e 1.3. Proxectos dirixidos a mellorar a organización mediante a consultoría de proceso e a implantación de ferramentas de xestión e cadros de mando.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Convocar as seguintes liñas de actuación establecidas na base primeira das reguladoras das axudas do Igape á mellora da produtividade empresarial mediante a innovación, cooperación e modernización do tecido produtivo segundo as bases reguladoras publicadas no *Diario Oficial de Galicia* nº 40, do 27 de febreiro de 2006:

a) Punto 1.2. Investimento e desenvolvemento tecnolóxico das pemes.

b) Punto 1.3. Proxectos dirixidos a mellorar a organización mediante a consultoría de proceso e a implantación de ferramentas de xestión e cadros de mando.

Segundo.-Os créditos asignados para as resolucións que se diten nesta convocatoria son os seguintes:

a) Para os apoios enumerados no punto 1.2, con cargo á partida orzamentaria 18-1-2001, 4.000.000 € para o exercicio 2008.

b) Para os apoios enumerados no punto 1.3, con cargo á partida orzamentaria 18-2-2001, 1.500.000 € coa seguinte distribución plurianual: 200.000 € para o exercicio 2007 e 1.300.000 € para o exercicio 2008.

Estes importes, así como as aplicacións a que se imputen, poderán ser ampliados en función das dispoñibilidades orzamentarias, sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario da resolución que se publique para o efecto. En vista do volume das solicitudes presentadas para cada liña e mediante resolución do director xeral do Igape poderá distribuírse entre elas o crédito aprobado.

Terceiro.-O modelo de solicitude e demais anexos serán os xa publicados coas bases reguladoras. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o mesmo día da publicación desta convocatoria no DOG. No caso de que o último día do prazo fose sábado ou festivo entenderase prorrogado ao día hábil seguinte.

Cuarto.-O prazo máximo para ditar e notificarlles aos interesados a resolución do expediente será de tres meses contados desde o día seguinte ao remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen ter recaído resolución expresa, o solicitante poderá ter por desestimada a súa solicitude.

Quinto.-As axudas concederanse de conformidade co Regulamento (CE) 70/2001, do 12 de xaneiro de 2001 (DOUE do 13 de xaneiro), modificado polo

Regulamento 364/2004, do 25 de febreiro (DOUE do 28 de febreiro), e terase, de ser o caso, que axustar a intensidade de axuda prevista ao novo mapa de axudas que se aprobe para o Reino de España ou limitarse ás intensidades de axuda previstas para as pequenas e medianas empresas no citado regulamento.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2006.

José Antonio Delgado Arce
Director xeral do Instituto Galego
de Promoción Económica

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 16 de novembro de 2006 pola que se amplía o prazo de celebración do cuarto exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de químicos.

A Orde do 26 de decembro de 2005 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de químicos, establece na base II.1.2, que o prazo máximo para a realización do cuarto exercicio será de 40 días, contado este desde o remate do exercicio anterior.

Rematado o segundo exercicio o día 14 de novembro 2006, non sendo necesaria a realización do terceiro exercicio por estar todos os aspirantes en posesión do curso de perfeccionamento de galego, ou estudos equivalentes, e dada a complexidade deste proceso no relativo á organización do cuarto exercicio nas datas en que debe realizarse, determínase a imposibilidade de dar cumprimento ao prazo determinado na orde de convocatoria.

Conforme o anterior, tendo en conta a proposta elevada polo tribunal cualificador deste proceso selectivo, e ao abeiro do establecido no artigo 49 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

DISPÓN:

A ampliación do prazo de realización do cuarto exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de químicos da Xunta de Galicia, en vinte días hábiles.

Contra este acordo de ampliación de prazo non cabe recurso ningún, de conformidade co disposto no artigo 49.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro,

de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2006.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Orde do 16 de novembro de 2006 pola que se modifican as ordes de convocatoria para o acceso á categoría 011 (auxiliar de laboratorio) do grupo IV.

Mediante a Orde do 21 de febreiro 2006, do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG do 27 de abril), convócase proceso selectivo para o acceso a diversas categorías do grupo IV, polas quendas de promoción interna e cambio de categoría e acceso libre. Á vista das alegacións presentadas, e unha vez estudada a modificación na Mesa Xeral de Negociación e aprobada na Comisión de Persoal, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Modificar o anexo I da Orde do 21 de febreiro de 2006 pola que se convoca o proceso selectivo para o grupo IV, tanto pola quenda de acceso libre como pola de promoción interna e cambio de categoría, no sentido de establecer como titulación académica requirida para o acceso á categoría 011 (auxiliar de laboratorio) do grupo IV a seguinte:

a) Técnico de laboratorio/ técnico de operacións de proceso en planta química/ técnico en coidados auxiliares de enfermaría/ técnico en operación de cultivo acuícola ou equivalentes.

b) Técnico superior en análise e control/ técnico superior en produción acuícola/ técnico superior de diagnóstico clínico/técnico superior de anatomía patolóxica e citoloxía ou equivalentes.

c) Graduado en ESO, técnico (ciclo formativo grao medio) ou equivalente e dous anos de experiencia na categoría na Administración pública.

Segundo.-Como consecuencia do anterior ábrese o prazo de presentación de instancias nos termos establecidos na base I.3.2. da convocatoria pola que se convoca proceso selectivo para o acceso a categoría 011 (auxiliar de laboratorio) do grupo IV do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, tanto pola quenda de promoción interna e cambio de categoría como de acceso libre.

Terceiro.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os aspirantes que acceden pola quenda de promoción interna e cambio de categoría, poden interpoñer reclamación previa á vía xudicial laboral no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, conforme os artigos 69 e seguintes do Real decreto legislativo 2/1995, do 7 de abril e os aspirantes de acceso libre poden